

Observatorio Económico Ourenseán

Plataforma Dixital

<http://oeou.depourense.es/>


Logo de sete edicións con soporte físico en papel , o Observatorio Económico Ourenseán da un gran salto para **adaptarse aos cambios**



que **esixe a nova “cultura dixital”** e converterse nunha **plataforma web multilingüe** (galego-inglés) **en permanente actualización** (os novos datos incorpóranse en tempo real a medida que van xurdindo) e **dotada de novas formas de visualización: máis dinámica, máis intuitiva, máis gráfica e con maior potencial interpretativo**, xa que **cada usuario pode construír á carta as**

seleccións de datos, as evolucións temporais e as comparativas entre territorios ou entre datas.

Esta é unha aposta por construír un dos Observatorios máis avanzados e innovadores, soportada nunha Web-App **reponsive** (adáptese ós tamaños de pantallas dos distintos dispositivos) **con elementos de interacción e personalización visual** que **permiten filtrados, análise e interacción** con gráficos e con datos. Despregada nun **entorno cloud, combina mapas e diferentes tipos de gráficos dinámicos**, elixidos en función da tipoloxía de cada estudo a realizar, da unidade de medida dos indicadores e das características do conxunto de datos. O **fin último** é a **visualización comprensible das series estatísticas e a mellora no aproveitamento e na utilidade das bases de datos.**



O OEou **adáptese aos cambios que esixe a nova “cultura dixital”**


Nesta nova etapa o Observatorio Económico da Deputación Provincial de Ourense **mantén a esencia de desagregar a análise por comarcas e por concellos**, co **obxectivo de retratar a realidade e de identificar as potencialidades de cada territorio**. E ao incorporar o posicionamento local nos mercados exteriores, a travesía de estudo abrangue desde o máis cotián das empresas ourensás ata o último país de destino das exportacións.

A plataforma Web do OEou inclúe a día de hoxe 44 indicadores agrupados en 3 grandes Áreas:


- Área ou Cadro Socioeconómico: Inclúe 18 Indicadores.
- Área ou Cadro Demográfico: Inclúe 16 Indicadores.
- Área Sectorial: Inclúe 10 Indicadores.

Este catálogo inicial de 44 indicadores é, sen dúbida, ambicioso, pero en ningún caso debe de ser considerado como un conxunto pechado, senón que constitúe un punto de partida que irase completando progresivamente con novos instrumentos analíticos, construídos a partir das necesidades, propostas e achegas que fagan os diferentes axentes económicos e sociais que desexen incorporarse ao proceso de reflexión continuada e de relanzamento do Observatorio, que iniciamos coa posta en funcionamento desta nova plataforma.

O proceso de consulta e análise de datos iniciase coa selección, no menú principal, do cadro ao que pertence o indicador e accedendo ao menú de indicadores incluídos na mesma que se abrirá ao pulsar en cada un deles.




Unha vez dentro de cada indicador o usuario debe seleccionar a serie dos datos que se desexa que se mostren (por exemplo pulsando solo Galicia ou solo Ourense obteremos a gráfica cos datos de un deles, pero se activamos os dous, activando ambas series, obteremos as gráficas do comportamento nos dous ámbitos e así sucesivamente nos distintos indicadores; o mesmo sucede, por exemplo, no caso dos indicadores sectoriais coas diferentes tipoloxías de produtos agroalimentarios ou de tipoloxía de establecementos hoteleiros).



Afiliacións provinciais mensuais segundo a conta de cotización

A provincia de Ourense aproveitou o auge cíclico das contratacións nos meses de verán para consolidar o nivel das 100.000 afiliacións. Ademais, este fito viu acompañado de valores máis elevados que os de hai un ano. Daquela, o mercado laboral ourensán non logrou alcanzar as 100.000 afiliacións e pechou setembro con 100.953, mentres que no verán do 2016 moveuse por arriba dos 101.000. A análise das series mensuais tamén deixa outra nova favorable para a economía ourensá. A evolución no mes de agosto foi máis positiva en Ourense que no conxunto de Galicia. Na provincia as cotizacións diminuíron en proporción tres veces menos que na comunidade, en comparación con xullo descenso mínimo do 0,3% en Ourense e baixada do 1% en Galicia.

No caso dos indicadores municipais é preciso



activar aqueles concellos, dos que se queren coñecer os datos, seleccionándoos previamente, para o que é preciso pulsar na lenda do/s correspondente/s concellos no inferior do gráfico.

Neste tipo de gráficas, os concellos atópanse agrupados por comarcas (coa finalidade de poder comparar a evolución de todos os concellos da mesma comarca) e por orde alfabético.

No apartado OEU do menú principal pódense atopar e descargar tanto as entregas anteriores do Observatorio Económico (no apartado “Fondo Documental”) como as distintas infografías que se irán realizando (como é o caso da infografía realizada sobre o sector agroalimentario).

Infografía “Sector Agroalimentario en Ourense”



Fondo Documental

- VII Entrega Ourense: Observatorio Económico Ourenzá. Xaneiro 2016
- VII Entrega Comarcas: Observatorio Económico Ourenzá. Xaneiro 2016
- VI Entrega Ourense: Observatorio Económico Ourenzá. Xuño 2015
- V Entrega Ourense: Observatorio Económico Ourenzá. Novembro 2014
- IV Entrega Ourense: Observatorio Económico Ourenzá. Xuño 2014
- III Entrega Ourense: Observatorio Económico Ourenzá. Novembro 2013